

PREMIO "O GRELO" DE POESÍA

A poesía musical de Andrea Porto botá a andar da man de Amigos de Galicia

"ECO in aeternam" foi a obra vencedora do certame convocado pola fundación en 2009

Amigos de Galicia presentou onte en Vilagarcía a obra vencedora do premio "O Grelo" de poesía: "ECO in aeternam". A súa autora, a estradense Andrea Porto, tamén asistiu a un acto que serviu para lanzar un libro no que a poetisa mostra as súas influencias musicais e lembra aos que a apoiaron.

DAMIÁN PEREIRA > VILAGARCÍA

■ A cúpula da Fundación Amigos de Galicia, co seu presidente, Jesús Busto, e o seu voceiro, Luis Rial, á cabeza, e o concelleiro de Cultura, Xosé Castro Ratón, arrouparon á creadora no día da presentación oficial da súa primeira obra en solitario: "ECO in aeternam", mercedora do premio "O Grelo" que cada ano concede este colectivo galego.

Andrea Porto agradeceu o apoio de Amigos de Galicia para a publicación do seu traballo, do que se distribuirán 1.500 exemplares en colexios e bibliotecas de toda a comunidade galega. Tamén tivo un recordo para os seus pais, presentes no acto, e para as súas irmás, que seguen os seus pasos e, unha delas, Lara, incluso compuxo o debuxo que ilustra a portada do libro.

"Son as miñas estrelas púrpuras", dixo Andrea Porto, que reco-



Andrea Porto presentou a obra premiada xunto a Luis Rial, Jesús Busto e Castro Ratón.

Yael Domínguez

ñeceu que o día de onte tivo "sensacións únicas" ao ver convertido en realidade un dos seus sonhos como escritora. "Xa me tardaba este momento. É bonito o premio, pero tamén ver publicado o meu traballo", engadiu.

Con só vinte anos, esta rapaza da Estrada compaxina a súa carreira creativa cos estudos de Educación Musical na USC e os de Pedagogía Musical no CSM de Vigo. Queda claro pois que o seu tamén é a música. "De momento son capaz de mesturar todo, pero sería moi difícil elixir", explica.

A autora reconece que o nexo entre poesía e música é moi grande e que son "a miña forma de vivir a vida. Levo moitos anos estudando música e teño moitas vivencias que son outra parte do meu ser interior e sinto a necesidade de sacalo á luz".

E esa expresión da forma a "ECO in aeternam", que mestura referencias a numerosos artistas galegos e internacionais, máis ben vencellados á canción que á literatura, nun libro que fala do amor dende un punto de vista moderno, xuvenil e, á vez, sorprendente-

mente maduro para unha creadora de tan curta idade.

O presidente de Amigos de Galicia, Jesús Busto, destacou que para a fundación é un orgullo premiar a noveis de tanto talento que profíen en valor a cultura galega e tamén quixo incidir no agradecemento a todas as institucións que apoian o certame literario "O Grelo", especialmente a Concellería de Cultura vilagarcés.

O edil Xosé Castro Ratón ensinou tamén a faceta estudantil de Andrea Porto, "que ten unha brillante formación académica".